



COMO ACTUAR ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO

**GUÍA
INFORMATIVA
CON PAUTAS DE
ACTUACIÓN**

**RECURSOS E
SERVIZOS
EXISTENTES
NO CONCELLO
DE VIGO**



Concellería da Muller
Concello de Vigo

O obxectivo desta guía é alertar ás mulleres que sufren maltrato, dáralles a posibilidade de saber cal é a súa situación, animalas a denunciar e axudalas a saír da posición de subordinación.

“A obra perfecta da agresividade é conseguir que a vítima admire ao verdugo”

Victoria Sau

“A violencia contra a muller é quizais a más vergonzosa violación dos dereitos humanos. Non coñece límites xeográficos, culturais ou de riqueza”

Kofi Annan

DEFINICIÓN DE VIOLENCIA

- Na Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller de Nacións Unidas pode lerse que a violencia contra a muller é *“todo acto de violencia baseado na pertenenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como privada”*.
- A violencia de xénero é calquera agresión física, psicolóxica ou económica dirixida contra das mulleres polo feito de ser muller, non porque ela teña un modo de comportarse que dea lugar a que isto ocorra.
- Referimonos aos malos tratos no ámbito doméstico cando esta violencia é exercida polo marido, parella, noivo ou calquera outra persoa coa cal a muller ten relación de parentesco ou afectividade, e ten como resultado para ela un dano ou sufrimento psicolóxico, sexual ou físico.
- Os malos tratos son un camiño sen retorno, onde as relacións violentas non aparecen accidentalmente nin de xeito imprevisto. Os abusos e chantaxes emocionais poden ser o inicio dun longo proceso cíclico que pode rematar coa morte.

ALERTA

Se na túa relación de parella existen algúns destes comportamentos, estás a vivir unha relación de control e poder, é decir, violenta :

Violencia Psicolóxica

- Ignora a túa presencia, espíate.
- Merma a túa estima, insultándote, descalificándote, gritándote, facéndote comentarios degradantes e fóra de ton.
- Culpabilízate de calquera problema.
- Non respecta a túa opinión e impón sempre a del.
- Ameázate e coacciónate.

Violencia Social

- Íllate do teu contorno social.
- Contrólante as relacións familiares e de amizade.
- Contrólante e critica a túa forma de vestir.
- Contrólante as chamadas e todas as actividades.
- Humíllante e ponte en evidencia publicamente.

Violencia Económica

- Non deixa que controles os recursos da economía familiar.
- Limítate o diñeiro, entrégate cantidades insuficientes para o mantemento da familia.
- Cúlpate de non saber administrar ben o diñeiro.
- Impídete que traballes para que non teñas independencia económica.
- Se traballas, contrólale o que gañas.

Violencia Sexual

- Obrígate a manter calquera tipo de contacto ou relación sexual.
- Responsabilízate dos embarazos e de enfermidades de transmisión sexual .
- Impídete exercer a túa sexualidade libremente.
- Acósate con insinuacións sexuais, incomodándote.
- Incítate a prostituírtre.

Violencia Física

Empúxate, golpéate, quéímate, tirate do pelo.....
Agrédate cun arma

O CICLO DA VIOLENCIA

- As reaccións violentas non aparecen de forma imprevista, senón que forman parte dun longo proceso que acaba nunha pirámide de violencia sen retorno e que leva a un ciclo moi difícil de parar.
- Este ciclo ten **tres fases** que se reiteran cada certo tempo intercalando períodos de violencia con períodos de afectos e arrepentimentos pero onde cada vez son más frecuentes os momentos de agresión e menos os de arrepentimentos:



**PODES DARLE A VOLTA A ESTA SITUACIÓN¡!
DA VIOLENCIA PÓDESE SAIR ¡!**

ATENCIÓN

- O maltratador intimida, arremete física e psíquicamente. É un **delincuente perigoso** e non podemos xustificalo e encubrilo.
- O alcol, o paro ou as insatisfaccións persoais **non xustifican** o exercicio da violencia contra as mulleres.
- **Non esperes a que el “cambie”**. O máis probable é que continúe con outra labazada, outro insulto, outra malleira...
- **Ti non es culpable**, ninguén merece que a maltraten. Non hai xustificación posible para os comportamentos violentos.

RECORDA

- Quen maltrata ten un **grave problema** que lle impide vivir en parella.
- Esta situación, en lugar de desaparecer, **farase cada vez más frecuente e perigosa** para ti e as persoas que conviven contigo.

DETENTE E PENSA

- **Non confundas** os comportamentos posesivos con “Amor”.
- A ausencia de bo trato e os comportamentos violentos non son mostras de respeito nin de cariño.

O QUE DEBES SABER

- O primeiro é ser consciente do que te está a pasar, recoñecer e darte conta de que ti non es a culpable nin provocas esta situación.
- **Non sintas vergonza** de falar da túa situación . Expoñer o teu problema axudarate a liberarte del.
- **Busca axuda** tanto entre as túas amizades como axuda especializada. Servirate para tomar as decisións necesarias.
- Recorda que no **Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller** poden asesorarte. É un servizo municipal gratuíto onde podes atopar axuda psicolóxica, xurídica e social e informarte dos pasos a seguir.
- O maltrato sobre a nai ten consecuencias directas sobre os fillos/as, que posiblemente normalizarán esta situación e a forma de relacións familiares, perpetuando os malos tratos. **Será beneficioso para os teus fillos e fillas sair do ámbito da violencia.**

- Podes estar segura de que rachar coa situación de maltrato traerá **beneficios para ti e para a túa vida, tales como:**

- Posibilidade de vivir tranquila e sen sobresaltos
- Recuperar a túa autoestima
- Rachar co medo e a vida de terror
- Ofrecer un mellor ambiente, libre de violencia, aos teus fillos e fillas
- Terminar cunha vida sumisa e chea de humillacións
- Recuperar o teu sorriso
- Disfrutar das túas amizades
- Volver a vivir a túa vida sen que ninguén a controle
- Volver a ilusionarte e encher a túa vida de esperanza

RECOMENDACIÓNSEN CASO DE AGRESIÓN

- 1.** Ten sempre a man un teléfono de emerxencia ou da policía.
- 2.** Acode a un **Centro Sanitario** en caso de calquera manifestación de violencia física ou sexual e solicita un **parte de lesións**.
- 3.** Se tes dúbidas acode ao **Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller** para que te asesore en todo o proceso.
- 4.** Se tes que saír da túa casa e necesitas acollemento , recorda que podes utilizar o servizo da **Casa de Acollida para Mulleres Maltratadas** tanto para ti coma para os teus fillos e fillas.
- 5.** Podes presentar unha **denuncia** perante o **Servizo de Atención á Familia (SAF)** da **Policía Nacional**. Non só teñen axentes preparadas/os para recoller unha denuncia deste tipo senón que de xeito inmediato entran na axenda do **xulgado de garda** ou, no caso de Vigo, no **Xulgado de Violencia sobre a Muller Nº 1** e dan citacións a todos/as, incluída vítima e testemuñas e valoran a adopción medidas inmediatas de protección para a vítima.
 - É importante que dende o primeiro momento solicites a asistencia de letrado/a de Violencia de xénero (en cada colexio de avogados debe haber unha quenda especial).
 - Trata de contar os feitos da forma más clara e realista posible, dando todos os datos do agresor para facilitar a súa identificación .

- En caso de maltrato físico ou agresión sexual presenta copia do parte de lesións.
- En caso de perigo, solicita Orde de protección, que será tramitada co xuízo rápido.
- As medidas de protección supoñen, por exemplo:
 - *acompañamiento policial* en caso de perigo ou de ter que acudir ao domicilio familiar a recoller calquera das túas cosas.
 - *retención de armas* no caso de que o agresor teña permiso.
 - *intervención do teu teléfono*, sobre todo para controlar ao agresor no caso de que te chame.
 - *orde de desaloxo do domicilio* no caso de que o agresor quede na casa.
 - *orde de afastamento* co obxectivo de que o maltratador non poida achegarse a ti. No caso de que a transgrida, poderá ser arrestado inmediatamente.

6. Se te queres ir de casa podes facelo: **non existe o delito de abandono de fogar**. Debes ter en conta, iso si, a situación concreta que vives: se tes fillas/os e te queres ir con elas/es, consulta o más pronto posible cales son os pasos legais a desenvolver. Se pensaches deixalas/os co pai ou con outras persoas, asesórate primeiro antes de irte. Se non os tes, debes tamén consultar a

RECOMENDACIONES EN CASO DE AGRESIÓN

situación legal, áinda que neste caso é moito menos urxente. Pero o máis importante é que **non tes que “aguantar” na casa unha situación de maltrato.**

- 7. Se te vas de casa** **procura levar documentación** tanto túa como dos teus fillos e fillas (DNI ou pasaporte, tarxeta sanitaria, permiso de conducir, libro de familia, documentos bancarios, permiso de traballo no caso de non ser española, escrituras...) **e obxectos personais básicos.**
- 8. No caso de violencia sexual** debes ter en conta:
 - ✿ Acudir a un centro sanitario tan pronto poidas. Se prefires non ir soa , pide a algunha persoa de confianza que te acompañe.
 - ✿ Non te laves nin te cambies de roupa ata despois do recoñecemento médico e a denuncia. Recorda que pode haber moitas probas que serán necesarias na investigación e a denuncia.
 - ✿ Pode que pases por diferentes fases: fase de atordamento e confusión, fase de introversión e recollimento onde tratarás de esquecer o ocorrido. Por iso é importante que busques axuda psicolóxica especializada.

DEREITOS DAS MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

1. O II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres (2004-2007) concreta as liñas de actuación do Concello de Vigo para dar resposta ás mulleres que sufren violencia de xénero. Unha das catro áreas de intervención é a de "Seguimento e apoio económico ás vítimas" con medidas de apoio económico, formación, emprego e conciliación da vida persoal e laboral entre outras.

2. Como muller maltratada tes unha serie de Dereitos que están recollidos na *Lei Orgánica 1/200 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*:

- **Dereito á información**

Tes dereito a recibir toda a información tanto no momento de presentar unha denuncia como posteriormente cando se te notifique a resolución de adopción de medidas de protección.

- **Dereito á asistencia social integral** que abarca os seguintes aspectos :

- Información
- Atención psicolóxica
- Apoyo social
- Seguimiento das reclamacións dos dereitos da muller
- Apoyo educativo
- Formación preventiva nos valores de igualdade
- Apoyo á formación e inserción laboral.

- **Dereito a asistencia xurídica gratuía**

Se tes insuficientes recursos , tes dereito á defensa e representación gratuítas por avogado/ e procurador/a en todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida.

- **Dereitos laborais.** Tes dereito , nos términos previstos no Estatuto dos Traballadores, á:

- Redución de xornada e reordenación do tempo de traballo.

Tes dereito a unha redución da xornada, horario flexible ou adaptación ao horario, nos termos do Convenio Colectivo, ou de acordo coa empresa.

- Mobilidade xeográfica. Se tes que abandonar o posto de traballo na localidade onde traballas, para facer efectiva a túa protección ou o teu dereito á asistencia social integral, tes dereito a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo.

- En relación coa suspensión e a extinción do contrato de traballo, tes dereito:

- A que se consideren “xustificadas” as ausencias ou faltas de puntualidade, motivadas pola túa situación física ou psicolóxica.

- Á suspensión do contrato por 6 meses (renovable), con dereito a desemprego e á cotización do período.

- A non ser despedida polo uso destas medidas.

➤ A extinción do contrato , coa protección do desemprego.

- Traballadoras por conta propia. Se te atopas neste caso e te ves na necesidade de cesar na túa actividade para facer efectiva a túa protección ou o teu dereito a asistencia social integral suspenderásete a obriga de cotizar durante un período de 6 meses, que serán considerados como de cotización efectiva a efectos das prestacións da Seguridade Social. Así mesmo, a túa situación será considerada como asimiladas ao alta.

- **Dereitos relativos á protección da Seguridade Social:**

Nos termos previstos na Lei xeral da seguridade social, a suspensión e a extinción do contrato de traballo previstas no apartado anterior, darán lugar á situación de desemprego. O tempo de suspensión considerarase como período de cotización efectiva a efectos das prestacións de Seguridade Social e de desemprego.

- **Dereitos económicos:**

- Tes dereito a recibir unha axuda de pago único se careces de renda superior , en cómputo mensual, ao 75% do salario mínimo interprofesional e sempre que se presuma que polas túas circunstancias persoais terás dificultades para obter un emprego. Esta axuda será o equivalente ao de seis meses de subsidio por desemprego pero a contía poderá será superior se tes algunha discapacidade ou se tes responsabilidades familiares.

Estas axudas son compatibles coas previstas na Lei de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

- Acceso á vivenda e residencias públicas para maiores. Polas túas circunstancias, estarás dentro dos colectivos prioritarios no acceso á vivenda protexida e residencias públicas para maiores.

- **Incentivos e fomento para o emprego das vítimas de violencia de xénero:**

Isto levarase a cabo a partir de políticas formativas e bonificacións a empresas que contraten a vítimas de violencia, así como programas de acción específico de emprego para favorecer a actividade por conta propia cando sexan demandantes de emprego.

3. A Xunta de Galicia tamén dispón dunha serie de medidas das que te podes beneficiar , tales como:

- **“Salario da liberdade”:** Chámase así á prestación que dende marzo de 2006 as mulleres galegas vítimas de malos tratos poden acceder dependendo de se os seus ingresos son maiores ou más baixos que o Salario Mínimo Interprofesional. A finalidade do salario da liberdade, dependente de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, é proporcionar apoio económico ás mulleres que sufren violencia de xénero

para lles garantirlles unhas condicións suficientes de seguridade económica respecto do agresor que lles posibiliten dar o primeiro paso para romper con esa situación. A prestación consiste nunha axuda económica de ata 600 euros mensuais e por un período máximo de 12 mensualidades

- **Apoio no aluguer ou merca dunha vivenda :** As mulleres que acrediten ser vítimas da violencia de xénero mediante orde de protección xudicial a favor da solicitante, informe dos servizos sociais correspondentes ou o do centro de acollida, resolución xudicial ou informe do ministerio fiscal, e non teñan ingresos ponderados superiores a 2,5 IPREM, poderán recibir da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, unha subvención que oscilará entre o 60% e o 80%da renda de aluguer,segundo os tramos de ingresos.

Terán tamén dereito a unha axuda de 2.000 euros para a adquisición dunha vivenda,que poderá sumarse a outras ás que se tivera dereito en función da situación familiar e laboral e do nivel de renda. As mulleres que sufren violencia de xénero teñen prioridade na adjudicación das vivendas do programa da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia de vivenda en aluguer.

En todos os casos será conveniente que acudas ao centro municipal de información dos dereitos da muller para coñecer se reúnes os requisitos establecidos para ter dereito a algunha das axudas descritas.



ONDE PODES ACUDIR RECURSOS E SERVIZOS CONCELLO DE VIGO

TELÉFONOS ESPECÍFICOS PARA MULLERES

**Centro Municipal de
Información dos Dereitos da
Muller (CIM)**

(Rúa Romil, 20, baixo)

986 293 963

Teléfono 24 horas

986 293 963

**Casa de Acolida Municipal para
mulleres maltratadas**

986 293 963

**Rede de Mulleres Veciñas
contra os Malos Trato**

(Rúa Oliva, 12, baixo)

986 222 328

**Xulgado de violencia sobre a
Muller Nº 1 de Vigo**

(Rúa Lalín, edif. anexo aos
Xulgados, pta. 4)

986 817 855



RECURSOS XERAIS

Teléfono de emergencia **112**

Teléfono de urgencia sanitaria **061**

Teléfono de urgencia
da Garda Civil **062**

Teléfono de urgencia
da Policía Municipal **092**

Teléfono de urgencia
da Policía Nacional **091**

Policía Nacional. Servicio de
Atención á Familia (SAF)
(Rúa López Mora, 39) **986 820 200**

Policía Autonómica
(Rúa Pateira, 7, interior) **986 266 158**

Xulgado de Garda
(Rúa Lalín, 4) **986 817 314**

Colexio de Avogados/as
(Edif. Praza América
planta ofic. 2-1º) **986 208 111**

NOTAS

NOTAS

A blank sheet of white paper featuring horizontal light blue ruling lines. A decorative blue border consisting of three horizontal lines at the top and bottom frames the page. The word "NOTAS" is printed vertically in gold text on the left side.

“II PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL PARA COMBATER A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES 2004-2007”



Concellería da Muller
Concello de Vigo

Coa colaboración do Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller “Alecrin”



Concellería da Muller
Concello de Vigo

Praza do Rei Nº1 36202 Vigo

TEL: 986 81 02 84

ofi.muller@vigo.org

<http://hoxe.vigo.org/movemonos/muller>